

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES**  
**CONTRATO DE SERVIZOS**  
**PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. TRÁMITE ABREVIADO**  
**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)**

**ÍNDICE**

<b>I. CONDICIÓN XERAIS</b> .....	<b>4</b>
<b>1. RÉXIME XURÍDICO E OBXECTO DO CONTRATO</b> .....	<b>4</b>
1.1. <i>Réxime xurídico</i> .....	4
1.2. <i>Obxecto do contrato</i> .....	5
1.3. <i>Necesidades que cómpre satisfacer</i> .....	5
<b>2. DEFINICIÓN DO CONTRATO</b> .....	<b>5</b>
<b>3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO</b> .....	<b>5</b>
3.1. <i>Órgano de contratación</i> .....	5
3.2. <i>Responsable do contrato</i> .....	5
3.3. <i>Órgano competente en materia de contabilidade pública</i> .....	6
<b>4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE</b> .....	<b>6</b>
<b>5. PRAZO DE ENTREGA E PRÓRROGAS</b> .....	<b>6</b>
<b>6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO. DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES E LOTES. REVISIÓN DE PREZOS</b> .....	<b>6</b>
6.1. <i>Valor estimado do contrato</i> .....	6
6.2. <i>Orzamento de licitación e prezo do contrato</i> .....	6
6.3. <i>Distribución en anualidades e lotes</i> .....	7
6.4. <i>Revisión de prezos</i> .....	7
<b>II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA</b> .....	<b>7</b>
<b>7. CAPACIDADE DO CONTRATISTA E PROHIBICIÓN DE CONTRATAR</b> .....	<b>7</b>
7.1. <i>Capacidade do contratista</i> .....	7
7.2. <i>Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade (ENS)</i> .....	7
7.3. <i>Supervisión e revisión de acordos</i> .....	8
7.4. <i>Prohibicións de contratar</i> .....	8
7.5. <i>Requisitos de solvencia</i> .....	9
7.6. <i>Unións temporais</i> .....	9
<b>III. SISTEMA DE LICITACIÓN. PRESENTACIÓN DE OFERTAS</b> .....	<b>9</b>
<b>8. LICITACIÓN. ACCESO E REQUISITOS</b> .....	<b>9</b>
8.1. <i>Licitación</i> .....	9
8.2. <i>Modo de acceso</i> .....	9

8.3.	<i>Requisitos para licitar electronicamente.....</i>	9
<b>9.</b>	<b>PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN. CONTIDO. EFECTOS .....</b>	<b>10</b>
9.1.	<i>Presentación .....</i>	10
9.2.	<i>Contido do arquivo electrónico A.....</i>	10
9.3.	<i>Efectos.....</i>	11
<b>10.</b>	<b>LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. INFORMACIÓN SOLICITADA POLOS LICITADORES .....</b>	<b>11</b>
10.1.	<i>Lugar e forma.....</i>	11
10.2.	<i>Prazo .....</i>	12
10.3.	<i>Información solicitada polos licitadores .....</i>	12
<b>11.</b>	<b>APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓN.....</b>	<b>12</b>
<b>12.</b>	<b>ACLARACIÓN DAS OFERTAS.....</b>	<b>12</b>
<b>13.</b>	<b>OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS .....</b>	<b>13</b>
<b>14.</b>	<b>SUCESIÓN NO PROCEDEMENTO .....</b>	<b>13</b>
<b>IV.</b>	<b>ACTUACIÓN PREVIAS Á ADXUDICACIÓN .....</b>	<b>14</b>
<b>15.</b>	<b>MESA DE CONTRATACIÓN.....</b>	<b>14</b>
<b>16.</b>	<b>AVALIACIÓN DAS OFERTAS E CRITERIOS DE DESEMPATE .....</b>	<b>14</b>
16.1.	<i>Criterios para a avaliación das ofertas .....</i>	14
16.2.	<i>Criterios de desempate .....</i>	14
<b>17.</b>	<b>DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR O LICITADOR QUE PRESENTOU A MELLOR OFERTA .....</b>	<b>14</b>
<b>18.</b>	<b>RENUNCIA OU DESISTENCIA .....</b>	<b>15</b>
<b>V.</b>	<b>ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>19.</b>	<b>ADXUDICACIÓN .....</b>	<b>15</b>
<b>20.</b>	<b>FORMALIZACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>16</b>
20.1.	<i>Perfección.....</i>	16
20.2.	<i>Inicio.....</i>	16
20.3.	<i>Prazo .....</i>	16
20.4.	<i>Non formalización.....</i>	16
20.5.	<i>Documento contractual .....</i>	16
<b>21.</b>	<b>PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>16</b>
<b>VI.</b>	<b>EXECUCIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>16</b>
<b>22.</b>	<b>OBRIGAS DO CONTRATISTA .....</b>	<b>16</b>
<b>23.</b>	<b>CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN .....</b>	<b>18</b>
23.1.	<i>Cesión.....</i>	18
23.2.	<i>Subcontratación .....</i>	19
<b>24.</b>	<b>MODIFICACIÓN DO CONTRATO .....</b>	<b>19</b>
<b>25.</b>	<b>CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN .....</b>	<b>19</b>

25.1.	<i>Cumprimento do contrato</i> .....	19
25.2.	<i>Recepción do obxecto do contrato</i> .....	20
<b>26.</b>	<b>PRAZO DE GARANTÍA DA PRESTACIÓN CONTRATADA</b> .....	<b>20</b>
<b>27.</b>	<b>FACTURACIÓN E FORMA DE PAGO</b> .....	<b>20</b>
27.1.	<i>Facturación</i> .....	20
27.2.	<i>Pagamento</i> .....	20
<b>VII.</b>	<b>PENALIDADES E EXTINCIÓN DO CONTRATO</b> .....	<b>21</b>
<b>28.</b>	<b>PENALIDADES</b> .....	<b>21</b>
28.1.	<i>Incumprimento dos prazos. Penalidades</i> .....	21
28.2.	<i>Incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso</i> .....	21
28.3.	<i>Imposición e pagamento das penalidades</i> .....	22
<b>29.</b>	<b>EXTINCIÓN DO CONTRATO</b> .....	<b>22</b>
<b>VIII.</b>	<b>OUTRAS CLÁUSULAS</b> .....	<b>22</b>
<b>30.</b>	<b>RECURSOS</b> .....	<b>22</b>
<b>31.</b>	<b>INFORMACIÓN CONFIDENCIAL FACILITADA AO CONTRATISTA</b> .....	<b>22</b>
<b>32.</b>	<b>PROTECCIÓN DE DATOS</b> .....	<b>23</b>
32.1.	<i>Por parte da USC</i> .....	23
32.2.	<i>Por parte da empresa</i> .....	23
<b>33.</b>	<b>PRERROGATIVAS</b> .....	<b>24</b>
<b>34.</b>	<b>CLÁUSULAS LINGÜÍSTICAS</b> .....	<b>24</b>
34.1.	<i>Uso de Idioma na execución do contrato</i> .....	24
34.2.	<i>Competencia lingüística</i> .....	25
34.3.	<i>Linguaxe inclusiva</i> .....	25

## I. CONDICIÓN XERAIS

### 1. RÉXIME XURÍDICO E OBXECTO DO CONTRATO

#### 1.1. Réxime xurídico

O contrato obxecto deste prego terá natureza administrativa e rexeráse polas cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas. Naquilo que non estea establecido neles estará rexido polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP)
- Real decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, naquilo que non se opoña á LCSP (en diante, Regulamento Xeral da LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público, naquilo que non se opoña á LCSP (en diante Real decreto 817/2009)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPA)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa
- Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes dela (en diante, Decreto 3/2010)
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, Lei orgánica 3/2018)
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (en diante, LPRL)
- Instrución de coordinación de actividades empresariais da USC, accesible en <http://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/spri/descargas/IPR-02.pdf>
- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello (en diante, Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello)
- Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, Regulamento Xeral de Protección de Datos)
- Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro
- II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da USC, aprobado polo Consello de Goberno da USC do 16 de decembro de 2013 (en diante II Plan de Igualdade da USC)
- Regulamento de uso do galego na USC, aprobado polo Consello de Goberno da USC do 22 de decembro de 1993 (en diante, Regulamento de uso do galego na USC)

De acordo co establecido no artigo 14 da LPA, os licitadores que presenten ofertas neste procedemento estarán obrigados a relacionarse coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite relacionado con esta licitación.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole formulados pola USC que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O contrato, no caso de financiarse con fondos europeos (o cal, de ser o caso, se indicará no apartado 9.2 do Anexo I do PCAP), deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude del, e será coherente coas actividades políticas e prioridades comunitarias a prol do desenvolvemento sustentable e a protección e mellora do medio ambiente, polo que deberá promover o crecemento, a competitividade, o emprego ou a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres de conformidade co disposto no Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

### 1.2. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a prestación do servizo que se cita no apartado 1.1 do Anexo I do PCAP, denominado de especificacións do contrato (en diante Anexo I do PCAP), e coas características técnicas que se describen no prego de prescricións técnicas (PPT).

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o PCAP redactado en lingua galega.

Cando o servizo a contratar admita variantes, no apartado 19 do anexo I do PCAP indicárase sobre que elementos e en que condicións se autoriza a súa presentación nas ofertas.

Polo que se refire aos datos complementarios que existan e a USC estime de interese, rexerá o que se dispoña no apartado 19 do Anexo I do PCAP.

No relativo á clasificación de produtos por actividades (CPA) e o vocabulario común de contratos públicos (CPV), serán os sinalados nos apartados 1.3 e 1.4 do Anexo I do PCAP.

### 1.3. Necesidades que cómpre satisfacer

Indícanse no apartado 1.2 do Anexo I do PCAP.

## 2. DEFINICIÓN DO CONTRATO

O contrato, de natureza administrativa, tipifícase como **contrato de servizos** conforme ao establecido no artigo 15 da LCSP.

## 3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RESPONSABLE DO CONTRATO

### 3.1. Órgano de contratación

O xerente posúe a condición de órgano de contratación da USC por delegación de competencias do reitor (Resolución reitoral do 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020), e ten a súa sede no seguinte enderezo:

Universidade de Santiago de Compostela  
Casa da Balconada, Rúa Nova, nº 6  
15782 Santiago de Compostela

O enderezo do perfil do contratante é <<http://www.usc.es/contratacion>>.

### 3.2. Responsable do contrato

O responsable do contrato ao que fai referencia o artigo 62 da LCSP indicárase no apartado 18 do Anexo I do PCAP. Con carácter xeral, ao responsable do contrato corresponderalle supervisar a súa

execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta execución da prestación contratada.

O responsable poderá contar con colaboradores, que desenvolverán as súas actividades en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos.

En caso de cambio do responsable do contrato ou dos colaboradores, comunicaráselle ao contratista por escrito.

### 3.3. Órgano competente en materia de contabilidade pública

Na USC o órgano competente en materia de contabilidade pública é o Xerente. (Resolución reitoral do 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020).

## 4. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Para a adjudicación do contrato aplicarase o **procedemento aberto simplificado, trámite abreviado**, conforme ao establecido no artigos artigo 159.6 da LCSP.
2. A tramitación do expediente de contratación adoptará a forma indicada no apartado 10 do Anexo I do PCAP.
3. Se a tramitación se realizase por procedemento de urxencia, non se producirá a redución de prazos para a licitación, adjudicación e formalización do contrato.

## 5. PRAZO DE ENTREGA E PRÓRROGAS

1. O prazo de entrega do servizo obxecto do contrato será o establecido no apartado 5.1 do Anexo I do PCAP ou o que oferte o contratista, de resultar inferior, para iniciarse o seu cómputo ao día seguinte á sinatura do contrato.
2. No caso de que neste apartado se estableza a posibilidade de prórroga do contrato, esta farase de acordo co establecido no artigo 29 da LCSP.

## 6. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO. ORZAMENTO DE LICITACIÓN E PREZO DO CONTRATO. DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES E LOTES. REVISIÓN DE PREZOS

### 6.1. Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato, calculado de acordo co establecido no artigo 101 da LCSP, que se indica no apartado 4 do Anexo I do PCAP foi tido en conta para a elección do procedemento de adjudicación.

### 6.2. Orzamento de licitación e prezo do contrato

#### 6.2.1. Orzamento de licitación

Para a execución dos compromisos económicos derivados do presente contrato existe crédito axeitado e abondo na aplicación orzamentaria indicada no apartado 9 do Anexo I do PCAP.

Cando o expediente de contratación se tramite como anticipado de gasto por afectar a exercicios futuros, a súa execución estará condicionada á existencia de crédito no orzamento de cada exercicio.

O orzamento máximo de licitación é o fixado no apartado 2 do Anexo I do PCAP.

#### 6.2.2. Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adjudicación e nel estarán incluídos todos os gastos que a empresa adjudicataria debe realizar para o cumprimento do contrato, como son os gastos xerais, financeiros, de seguros, de transporte e desprazamento do persoal ao seu cargo, taxas e toda clase de tributos, en especial o imposto sobre o valor engadido (IVE) e outros que poidan

establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato, sen que por tanto, poidan ser repercutidos como partida independente do prezo establecido, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigacións recollidas nos pregos que rexen na licitación e execución dos contratos.

No prezo do contrato deberase indicar o IVE como partida independente.

### 6.3. Distribución en anualidades e lotes

No caso de que a execución do contrato abrangue máis dun exercicio orzamentario, establecerase no apartado 2.2 do Anexo I do PCAP a previsión do detalle do orzamento en anualidades.

Se se establecesen lotes, o orzamento máximo de licitación para cada lote fixarase no apartado 3 do Anexo I do PCAP.

### 6.4. Revisión de prezos

Aplicarase o establecido nos artigos 103 e seguintes da LCSP. En calquera caso, a procedencia ou improcedencia da revisión, farase constar no apartado 6 do Anexo I do PCAP.

## II. SELECCIÓN DO CONTRATISTA

### 7. CAPACIDADE DO CONTRATISTA E PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

Tal como establece o artigo 159 da LCSP os licitadores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos nesta cláusula deberá cumprirse na data de finalización do prazo de presentación das propostas.

#### 7.1. Capacidade do contratista

1. Poderán presentar ofertas para a licitación do contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal. Tamén deberán ter plena capacidade de obrar e desenvolver unha actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais. Así mesmo, deberán dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.
2. Cando para a realización dunha actividade sexa necesario dispoñer dunha habilitación especial, segundo o indicado no apartado 19 do Anexo I do PCAP, deberá acreditarse que o licitador a posúe.

#### 7.2. Conformidade co Esquema Nacional de Seguridade (ENS)

Cando a licitación inclúa a prestación de servizos albergados nun Sistema de Información, tanto se se prestan en dependencias da USC, como nas do adxudicatario, a USC esixirá ao adxudicatario a conformidade co ENS.

Tendo en conta a Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade, o adxudicatario deberá estar en condicións de presentar:

1. Unha Declaración de Conformidade co/ ou Certificación do Esquema Nacional de Seguridade cando a USC tivese categorizado os sistemas na categoría BÁSICA.
2. Unha Certificación do Esquema Nacional de Seguridade cando a USC tivese categorizado os sistemas na categoría MEDIA.

Ademais, será esixible a estes provedores que, de maneira obxectiva e non discriminatoria, contén con profesionais cualificados para a prestación do servizo.

As solucións ou servizos ofertados para a prestación de servizos albergados nun Sistema de Información serán conformes co disposto no ENS, debendo presentar as correspondentes Declaracións ou Certificacións de Conformidade estipuladas no parágrafo anterior.

O adxudicatario, cando presente os Selos ou Distintivos de Conformidade co ENS, debe enlazalo coa correspondente Declaración ou Certificacións de Conformidade segundo corresponda coa categorización do sistema, que permanecerán sempre accesibles na súa páxina Web.

A USC, como entidade pública usuaria de servizos provistos ou prestados por empresas que presenten unha Declaración ou Certificación de Conformidade co ENS, poderá solicitar en calquera momento ao adxudicatario os Informes de Auto avaliación ou Auditoría no caso de sistemas de categoría BÁSICA ou o informe de Auditoría no caso de sistemas de categoría MEDIA, ao obxecto de verificar a adecuación e idoneidade das anteditas manifestacións.

### 7.3. Supervisión e revisión de acordos

A USC poderá requirir a firma de Acordos de Nivel de Servizo (SLA), para aqueles servizos que presenten especiais condicionantes en canto a confidencialidade, dispoñibilidade, integridade, autenticidade ou trazabilidade da información manexada ou dos servizos prestados. Todo iso quedará, no seu caso, recollido no Prego de Prescricións Técnicas que rexa na licitación.

No Prego de Prescricións Técnicas, onde se detallarán as características do servizo, incluírase, como mínimo:

- ✓ O que se considera calidade mínima.
- ✓ A responsabilidade do prestador do servizo ou solución, incluíndo as consecuencias ou penalizacións para o provedor en caso de incumprimento.

Os devanditos acordos serán supervisados e auditados de maneira periódica para garantir o adecuado cumprimento das condicións contractuais pactadas.

Como forma de xestionar e verificar o adecuado cumprimento de todos estes acordos, poderase supervisar ou auditar, de maneira periódica, a prestación do servizo, para garantir o adecuado cumprimento das condicións contractuais pactadas.

Nos contratos/acordos definiranse, ademais:

- ✓ Os responsables tanto por parte da USC, como por parte do adxudicatario para a xestión, mantemento e supervisión do cumprimento do contrato/acordo asinado.
- ✓ Os procedementos para coordinar calquera incidencia do contrato/acordo.

### 7.4. Prohibicións de contratar

1. Os licitadores non poderán estar incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 71 da LCSP na data de finalización do prazo de presentación de proposicións. Tampouco deberán estar incurso en tal situación cando se proceda á adxudicación do contrato.
2. Para acreditar tal circunstancia deberán achegar a correspondente declaración responsable na que o empresario, o seu representante ou apoderado, de ser o caso, deixe constancia deste requisito.
3. Os operadores económicos poden ser excluídos do procedemento de contratación ou ser obxecto de axuízamento de acordo coa lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ao cubriren o DEUC ou calquera outra declaración esixida, ou en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.



4. Non poderán optar á adxudicación do contrato aquelas persoas naturais ou xurídicas que foran adxudicatarias dalgún contrato da USC, se este se resolvera por causa que imputable ás mesmas e así se establecera na resolución reitoral que resolveu o devandito contrato. De presentarse algunha oferta incurso neste suposto, será rexeitada automaticamente polo órgano de Contratación.

#### 7.5. Requisitos de solvencia

Para a execución do presente contrato eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica, de acordo co previsto no artigo 159.6. b) da LCSP, e tampouco se esixirá clasificación.

#### 7.6. Unións temporais

1. Para as unións temporais de empresarios rexerá o disposto no artigo 69 da LCSP. A duración da unión temporal de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción. O contratista non poderá subscribir oferta ningunha en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura noutra agrupación temporal. A infracción destas normas provocará a non admisión de todas as ofertas por el subscritas.
2. Nas unións temporais de empresarios, cada un dos empresarios que a integran acreditará a súa personalidade e capacidade de obrar.
3. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes suficientes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.  
Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.
4. Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

### III. SISTEMA DE LICITACIÓN. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

#### 8. LICITACIÓN. ACCESO E REQUISITOS

##### 8.1. Licitación

A documentación para participar na licitación publicarase no perfil de contratante da USC: <[www.usc.gal/contratacion](http://www.usc.gal/contratacion)>. Excepcionalmente, por condicións técnicas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no citado perfil.

O contrato licitarase a través do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010 e o seu uso será obrigatorio para o licitador.

##### 8.2. Modo de acceso

Para poder licitar electronicamente deberá accederse a través do enlace <[www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex)>.

##### 8.3. Requisitos para licitar electronicamente

Os licitadores deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A relación dos certificados admitidos pode consultarse en <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores>, no apartado de “Certificados electrónicos admitidos”.

De acordo co previsto no artigo 159.4.a), todos os licitadores deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXC-Galicia) e con certificado vixente na data final de presentación de ofertas.

#### 8.3.1. Requisitos técnicos:

1. Para licitar no SILEX deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no enderezo electrónico [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex) no apartado “Axuda”.
2. A documentación que se presente debe estar nalgún dos seguintes formatos: .doc;.odt; .xls; .ods; .ppt; .pdf; .rtf; .jpg; .bmp; .tiff; ou calquera outro admitido polo SILEX.
3. Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
4. Calquera documento asinado dixitalmente previamente á súa incorporación ao SILEX deberá estar en formato .pdf e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PADES).

## 9. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN. CONTIDO. EFECTOS

### 9.1. Presentación

1. Cada contratista presentará unha soa oferta, sen prexuízo de que se admita, dentro dela, a presentación de variantes, no caso de que así se indique no apartado 19 do Anexo I do PCAP. Así mesmo, o contratista non poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou xa figura noutra agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscritas por el.
2. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.
3. A documentación a presentar deberá estar integrada por un único arquivo electrónico denominado “Arquivo electrónico A: Documentación administrativa e documentación cuantificable mediante a aplicación de fórmulas”.

### 9.2. Contido do arquivo electrónico A

1. Os licitadores deberán presentar na súa oferta, debidamente cumprimentados os seguintes anexos:
  - Anexo II al PCAP: Declaración responsable licitadores.
  - Anexo III al PCAP. Oferta do licitador, que conterà a oferta económica e demais criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

Estes anexos publicaranse no SILEX na dirección electrónica: [www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex) e no perfil do contratante da USC: [www.usc.es/contratacion](http://www.usc.es/contratacion) e deberán ser asinados por quen teña poder suficiente para facelo.

Os prezos ofertados indicaranse en euros, deberá expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia entre o importe do prezo expresado en letra e o expresado en número, prevalecerá o expresado en letra. Estarán incluídos todos os custos que sexa necesario realizar para a prestación do obxecto do contrato. En todo caso indicarse, como partida independente, o IVE que deba soportar a USC.

As ofertas que excedan do prezo máximo de licitación ou do prazo de execución fixado polo órgano de contratación ou sexan incorrectamente formuladas, serán rexeitadas.

Non se esixirá garantía provisional.

O órgano de contratación, poderá pedir aos licitadores, a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos do cumprimento do declarado, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

2. A presentación no SILEX supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no ROLECE ou no RXC-Galicia, unicamente a efectos de comprobar os seus datos para esta licitación, para o que deberán indicar o número de inscrición no rexistro correspondente.
3. SILEX garante que as ofertas presentadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido, salvo no momento e polo persoal autorizado para iso. Para ese efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita os expedientes cifradas e fragmentadas.
4. Os licitadores deberán asegurarse de que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. A mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por se mesma a súa exclusión, sempre que se poida acceder ao seu contido.
5. Se a documentación que se achegue xerouse por unha entidade ou organismo distinto do licitador, deberá incluír un código de verificación que permita a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o documento. Na súa falta, a documentación achegada debe cumprir os requisitos que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. A presentación de proposicións presume por parte da empresa a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, dos documentos que integran as prescricións técnicas, e das obrigacións establecidas na regulamentación, acordos, convenios e demais normas aplicables ao caso e a declaración responsable de que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coas administracións públicas.
7. En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

### 9.3. Efectos

Unha vez presentada, a proposición non poderá ser retirada baixo ningún concepto. A retirada indebida dunha proposición será causa de prohibición de contratar coas Administracións Públicas, de acordo co previsto no artigo 71 da LCSP.

## 10. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. INFORMACIÓN SOLICITADA POLOS LICITADORES

### 10.1. Lugar e forma

As ofertas deberán presentarse no Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX), directamente no enderezo <[www.conselleriadefacenda.es/silex](http://www.conselleriadefacenda.es/silex)>.

O Sistema de Licitación Electrónica SILEX será o punto de entrada de ofertas nas licitacións da USC. As ofertas presentadas quedarán rexistradas no sistema, quedando constancia do asento, número de entrada, data e hora de presentación, identidade do remitente e do destinatario, de acordo co establecido no Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, que regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dependentes da mesma.

O órgano de contratación resolverá as incidencias que poidan xurdir no procedemento de presentación de ofertas.

### 10.2. Prazo

O prazo para a presentación de ofertas será o indicado no perfil do contratante da USC <[www.usc.gal/contratacion](http://www.usc.gal/contratacion)>.

### 10.3. Información solicitada polos licitadores

Respecto da información adicional solicitada polos licitadores, para o cumprimento do prazo establecido no artigo 138.3 da LCSP, a petición realizada por aqueles deberá recibirse cunha antelación mínima de 5 (cinco) días naturais respecto da data prevista no citado artigo, no correo electrónico [contratacion@usc.gal](mailto:contratacion@usc.gal).

As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse no perfil de contratante da USC <[www.usc.es/contratacion](http://www.usc.es/contratacion)>.

## 11. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS

De conformidade co establecido no artigo 326.1 da LCSP, o órgano de contratación non estará asistido por unha mesa de contratación para adxudicar o contrato, xa que é potestativo constituíla.

Para este procedemento o Servizo de Xestión Económica será a unidade técnica encargada de auxiliar ao órgano de contratación, agás que no apartado 11.2 do Anexo I do PCAP se indique outra unidade.

A plataforma electrónica SILEX garante que a apertura das proposicións, polo persoal autorizado para elo, non se realizará hasta que haxa finalizado o prazo para a súa presentación, polo que non se celebrará un acto público de apertura das mesmas.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o Servizo de Xestión Económica, nun prazo non superior a tres días hábiles, examinará e cualificará a documentación presentada no correspondente arquivo electrónico, realizando as seguintes accións:

- Visualización dos datos do licitador e acceso ao Rexistro de Contratistas
- Verificación da sinatura electrónica da documentación presentada
- Apertura da documentación contida no arquivo electrónico
- Cualificación das ofertas e determinación, de ser o caso, das ofertas anormalmente baixas.

No caso de observar erros ou omisións emendables, concederáse un prazo non superior a tres días para corrixilos. Para estes efectos enviarase unha notificación electrónica a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela <<https://sede.usc.es>> ou da Xunta de Galicia <<https://sede.xunta.gal>>.

Este sistema achegaralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición da notificación á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na oferta, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se fagan públicas a través do perfil do contratante.

Os licitadores poderán ser excluídos do procedemento de contratación, sen prexuízo das responsabilidades nas que puideran incorrer conforme á lexislación nacional, no caso de que acheguen información ou declaracións falsas.

## 12. ACLARACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación poderá solicitar aclaracións sobre as ofertas presentadas ou para corrixir manifestos erros materiais na súa redacción, sempre que non supoñan desigualdade de trato e sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. Do actuado deberá deixarse constancia documental no expediente.

### 13. OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

1. No suposto de que sexa presentada unha única oferta, considerarase anormal ou desproporcionada se o importe é inferior en máis dun 30% ao orzamento base de licitación.
2. De presentarse máis dunha oferta:
  - A. Se o único criterio que se valora de forma obxectiva é o prezo, considerarase anormal ou desproporcionada:
    - a) Cando concorran dous licitadores, a oferta que exceda en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
    - b) Cando concorran tres ou máis licitadores, a oferta que exceda en 10 unidades porcentuais, polo menos, a media aritmética das ofertas presentadas.
  - B. Se existe máis dun criterio de valoración, terase en conta o seguinte:
    - a) Cando concorran dous licitadores, considerarase anormal ou desproporcionada, a oferta que, nos criterios de valoración obxectiva, obteña unha puntuación que exceda en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
    - b) Cando concorran tres ou máis licitadores, considerarase como desproporcionada ou anormalmente baixa toda proposición que, nos criterios de valoración obxectiva, obteña unha puntuación, que exceda en 15 unidades porcentuais, polo menos, a media aritmética das puntuacións de todas as proposicións presentadas.
  - C. Cando houberen presentado oferta empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas que incorreron en presunción de anormalidade, aquela que fose máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

Nestes casos, a Servizo de Xestión Económica solicitaralles aos licitadores que incorran en presunción de anormalidade, a xustificación dos parámetros que tiveran definido a anormalidade da oferta presentada, de acordo coas condicións establecidas no artigo 149 da LCSP e proporalle ao órgano de contratación, á vista do resultado, a aceptación ou rexeitamento da oferta. O prazo máximo para que o licitador xustifique a súa oferta non poderá superar os 5 días hábiles dende o envío da correspondente comunicación.

O órgano de contratación rexeitará en todo caso as ofertas que incorreron en presunción de anormalidade cando comprobe que son anormalmente baixas por vulnerar a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

### 14. SUCESIÓN NO PROCEDIMENTO

Tal como establece o artigo 144 da LCSP, se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación, se producira a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata, por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederánlle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión, as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúnan as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar.

## IV. ACTUACIÓNS PREVIAS Á ADXUDICACIÓN

### 15. MESA DE CONTRATACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 326.1 da LCSP, o órgano de contratación non estará asistido por unha mesa de contratación para a adxudicación do contrato, xa que a súa constitución é potestativa.

De acordo co establecido no artigo 159.6 letra d) da LCSP, o Servizo de Xestión Económica será a unidade técnica encargada de auxiliar o órgano de contratación, agás que no apartado 11.2. do Anexo I do PCAP do contrato se indique outra unidade.

### 16. AVALIACIÓN DAS OFERTAS E CRITERIOS DE DESEMPATE

#### 16.1. Criterios para a avaliación das ofertas

1. Os criterios para a cualificación do expediente indicaranse no apartado 11.1 do Anexo I do PCAP.
2. Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada criterio polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, ao efecto de asignarlle a puntuación resultante.
3. O Servizo de Xestión Económica, ou a unidade que se indique no apartado 11.2 do Anexo I do PCAP, aplicará os criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos, aos efectos de clasificar as ofertas presentadas, valorar se algunha das empresas incorreu en baixa temeraria e solicitar a súa xustificación, e determinar cal foi a empresa que obtivo a mellor puntuación.
4. O importe da oferta non poderá superar o orzamento base de licitación.

#### 16.2. Criterios de desempate

En caso de empate entre dúas ou máis proposicións, terá preferencia para a adxudicación a oferta economicamente máis baixa, e en caso de persistir o empate, terá preferencia a entidade que se atope nalgún dos supostos seguintes, pola orde que se indica:

1. Proposición realizada pola empresa que, á data de finalización da presentación de ofertas, dispoña no seu cadro de persoal, dunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior á esixida pola normativa (é dicir, máis dun 2%). En caso de persistir o empate, a que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.
2. Proposición realizada pola empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 67.4 do decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A documentación acreditativa do cumprimento da/s condición/s que lle outorguen o desempate, será aportada cando lle sexa requirida pola unidade técnica encargada de auxiliar ao órgano de contratación.

### 17. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR O LICITADOR QUE PRESENTOU A MELLOR OFERTA

Unha vez clasificadas as proposicións, o Servizo de Xestión Económica comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXC-Galicia) que a empresa que obtivo a mellor puntuación está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder abondo para formular a oferta e que non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Nos casos en que na licitación se presenten empresas estranxeiras dun estado membro da Unión Europea ou signatario do Espazo Económico Europeo, a ausencia de prohibicións poderase realizar, ben mediante consulta na correspondente lista oficial de operadores económicos autorizados dun Estado membro, ben mediante a achega da documentación acreditativa dos ditos extremos, que deberá presentar, neste último caso, no prazo de 4 días hábiles a contar dende o envío da comunicación de solicitude da documentación.

En caso necesario o Servizo de Xestión Económica requiriralle mediante unha comunicación electrónica á empresa que obtivo a mellor puntuación, que achegue a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 76.2 da LCSP, ou calquera outra que sexa necesaria, para o cal contará cun prazo de tres días hábiles a contar dende o envío da comunicación.

Os medios que o empresario se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato terán o carácter de obrigacións esenciais para os efectos establecidos no artigo 211 da LCSP.

Non será necesario presentar garantía definitiva.

## 18. RENUNCIA OU DESISTENCIA

De renunciar ao contrato, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, antes da adxudicación compensarase aos licitadores polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento.

Cando se aprecie unha infracción non emendable das normas de preparación, o órgano de contratación, antes da adxudicación, poderá desistir do contrato, compensando os candidatos polos gastos en que incorresen, debidamente xustificadas, ata un máximo do vinte por cento.

## V. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN

### 19. ADXUDICACIÓN

1. O órgano de contratación adxudicará o contrato á mellor oferta, a cal resultará da aplicación dos criterios establecidos no apartado 11 do Anexo I do PCAP. Tamén poderá declarar deserta a contratación no caso de que non se presente ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios establecidos neste prego.
2. A resolución de adxudicación notificarase aos licitadores e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación.
3. No caso de uso de medios ou servizos telemáticos para a execución do contrato, o adxudicatario presentará unha declaración na que indique a localización física dos servidores desde onde se van prestar os servizos a eles asociados.

Nestes casos, o adxudicatario deberá acreditar o cumprimento co Esquema Nacional de Seguridade, de acordo co recolleito na cláusula 7.2 deste prego.

No seu caso, deberá asinar os correspondentes Acordos de Nivel de Servizo (SLA), de acordo co previsto na cláusula 7.3 deste prego e co establecido no PPT.

4. As ofertas presentadas e a documentación relativa á súa valoración serán accesibles dende o perfil do contratante da USC: [www.usc.es/contratacion](http://www.usc.es/contratacion)

## 20. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 20.1. Perfección

1. O contrato perfecciónase mediante a súa formalización. O documento administrativo de formalización conterá a información establecida no artigo 35 da LCSP.
2. Ademais do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas terán carácter contractual, no seu caso, todos os documentos que definan o obxecto do contrato, polo tanto, os devanditos documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, como proba de conformidade, no acto de formalización do contrato.

### 20.2. Inicio

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa formalización previa, agás nos casos establecidos no artigo 120 da LCSP.

### 20.3. Prazo

O contrato, ou de ser o caso, a resolución de adxudicación, que se achegará para asinar mediante unha comparecencia electrónica, formalizarase no prazo máximo de cinco días naturais, a contar dende a data de envío da notificación ou do aviso, sempre que o acto obxecto de notificación se publique o mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse dende a recepción da notificación polo interesado.

### 20.4. Non formalización

Cando por causa imputable ao contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a USC esixirá o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas, logo de presentar a documentación establecida na cláusula 17 deste prego.

Se as causas de non formalizalo fosen imputables á USC, indemnizarase o contratista polos danos e perdas que a mora lle puidese ocasionar.

### 20.5. Documento contractual

O contratista poderá solicitar que o contrato, se formalice en escritura pública; neste caso correrán pola súa conta os correspondentes gastos.

## 21. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1. A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante.
2. Para todo o non establecido nesta cláusula, rexerá o disposto no artigo 153 da LCSP.

## VI. EXECUCIÓN DO CONTRATO

## 22. OBRIGAS DO CONTRATISTA

1. O contratista estará obrigado a realizar o servizo nos termos recollidos no prego de cláusulas administrativas e no de prescricións técnicas e ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida.
2. O contrato executarase a risco e ventura do contratista; a reparación e a satisfacción das indemnizacións polos danos que se lle causen tanto á USC como a terceiros correrá pola súa



conta, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, excepto cando tales perdas fosen ocasionadas como consecuencia inmediata e directa dunha orde da USC.

3. O contratista está obrigado a incorporar os medios e equipamentos precisos para a boa execución do contrato, así como o persoal e demais esixencias que, de ser o caso, se determinen nos pregos que rexan a licitación, indicándoo na súa proposición, compromiso que formará parte do contrato, sendo declarada esta cláusula unha **obriga esencial do contrato**.

Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empresario e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de saúde laboral e de prevención de riscos laborais durante a execución do contrato.

4. No caso de accidente ou dano de calquera xénero que lles ocorrese aos traballadores dependentes do contratista con motivo do exercicio dos traballos, a empresa adxudicataria cumprirá o que dispoñen as normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningunha maneira á USC.
5. Deberase establecer a coordinación de actividades empresariais en materia de prevención de riscos laborais, para o cumprimento da normativa de aplicación e da "Instrución de coordinación de actividades empresariais" da USC, accesible na páxina web: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sprrl/descargas/IPR-02.pdf>

O adxudicatario deberá aportar a documentación que lle sexa requirida polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da USC, ben directamente ou a través da empresa contratada ao efecto para a coordinación documental de actividades empresariais.

6. O incumprimento destas obrigas ou as infraccións sobre as disposicións de seguridade non implicarán responsabilidade algunha para a USC.
7. En ningún caso o outorgamento do contrato supoñerá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a USC e o contratista. Extinguido o contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizan os traballos obxecto do contrato como persoal da USC.
8. As prestación non realizadas debido a folgas de persoal ou a calquera outra causa imputable ao contratista, dará lugar á dedución do prezo do contrato de aquelas cantidades que sexan proporcionais aos días, ou fraccións de tempo, no que a prestación do servizo non se realizase.

Para os efectos das deducións mencionadas, tomaranse como referencia as contías dunha mensualidade de trinta días.

9. O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modos e marcas de fabricación correspondentes. Correrán pola súa conta os pagamentos dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e deberá indemnizar a USC por todos os danos e perdas que para a mesma poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións.
10. Coa fin de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, a USC poderá exercer a facultade de dirección e inspección, con comunicación e identificación previa ante o contratista dos servizos técnicos propios da USC ou os expresamente concertados para o efecto. A USC poderá ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.
11. Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a correcta execución do pactado.

12. Se a execución non se axustase ao previsto no contrato, a USC poderá rexeitar a prestación contratada, quedando exenta do pagamento do prezo ou recuperando o prezo satisfeito, no seu caso.
13. Excepto o establecido na LCSP para casos especiais, cantas incidencias xurdan entre o contratista e a USC por diferencias na interpretación do convindo ou pola necesidade de modificar as condicións contractuais, serán tramitadas mediante expediente contradictorio, de conformidade co establecido no artigo 97 do RGLCAP.
14. No seu caso, se non se indica outra cosa no apartado 17 do Anexo I do PCAP, a documentación que resulte da realización do obxecto do contrato, deberá entregarse en lingua galega e en lingua castelá.
15. De ser o caso, coa periodicidade oportuna, deberán ser entregadas no Servizo de Xestión Económica da USC copias dos recibos de pagamento das cotas do Seguro de Responsabilidade Civil que se esixa.
16. No apartado 19 do Anexo I do PCAP poderán incluírse outras obrigas contractuais esenciais ou as condicións especiais de execución ás que fai referencia o artigo 202 da LCSP. No caso de impoñerse penalidades especiais polo incumprimento destas obrigas, indicárase no apartado 13 do Anexo I do PCAP.
17. No caso de uso de medios ou servizos telemáticos para a execución do contrato, o contratista deberá comunicar calquera cambio relativo á situación dos servidores ou dende onde se van prestar os servizos.

## 23. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

### 23.1. Cesión

En caso de cesión do contrato, deberanse seguir as prescricións contidas no artigo 214 da LCSP.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, e que da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Para que os contratistas poidan cederlles os seus dereitos e obrigas a terceiros esixíranse os seguintes requisitos:

1. A cesión deberá ser autorizada de forma previa e expresa polo órgano de contratación. O cesionario deberá ter capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible en función da fase de execución do contrato e así como non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar. O cedente deberá dirixir a súa solicitude acompañada da acreditación da personalidade, capacidade do cesionario proposto, así como do persoal que se responsabilizará da execución do contrato cedido, o cal debe reunir como mínimo as características que serviron de base para a adxudicación do contrato. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.
2. Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación ou se puxera en coñecemento do xulgado competente para, ou ben a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de re-financiamento, ou ben para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.
3. Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

### 23.2. Subcontratación

1. Segundo a natureza do contrato, a USC poderá esixir que o servizo sexa realizado directamente polo adxudicatario, xustificándoo no expediente.
2. De ser o caso, a subcontratación rexerese polo establecido nos artigos 215 a 217 da LCSP. No apartado 19 do Anexo I do PCAP establecerase, de ser o caso, se os licitadores deben indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar.
3. No caso de incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 215 e 216 da LCSP, a USC quedará facultada para suspender, sen que se xere dereito a compensación ningunha para o adxudicatario, o pagamento das facturas ata a súa completa emenda.
4. A infracción das condicións establecidas para proceder á subcontratación e a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, dará lugar á imposición dunha penalidade de ata o 50% do importe do subcontrato.
5. As obrigas establecidas no artigo 216 da LCSP respecto do pagamento dos contratistas aos seus subcontratistas e subministradores, consideraranse obrigas esenciais do contrato para os efectos da resolución do contrato ou da imposición das penalidades establecidas nos artigos 192 e 193 de dita LCSP.
6. O contratista e os subcontratistas autorizados deberán someterse á normativa española e da Unión Europea en materia de protección de datos. Este precepto constitúe unha obriga contractual esencial, de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 e no apartado 4 do artigo 215 da LCSP.

## 24. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

1. O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar os contratos por razóns de interese público de acordo co disposto nos artigos 190 e 203 da LCSP.
2. O contrato poderá modificarse, coas condicións establecidas no artigo 204 da LCSP cando así se estableza nos apartados 4.2 ou 19 do Anexo I do PCAP.
3. Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións nel por razóns de interese público nos casos e na forma establecida nos artigos citados na cláusula anterior.
4. De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista. Estas resolucións deben ser adoptadas previo informe do servizo xurídico da USC, excepto no caso de que a modificación estea prevista nos apartados 4.2 ou 19 do Anexo I do PCAP, caso no que se realizará a modificación sen necesidade de informe do servizo xurídico antes citado.
5. As modificacións do contrato deberán formalizarse de acordo co disposto no artigo 153 da LCSP.
6. O anuncio da modificación do contrato será publicado no perfil de contratante da USC, tal como establece o artigo 63.3 da LCSP.

## 25. CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN

### 25.1. Cumprimento do contrato

1. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este tivera realizado, de acordo cos termos do mesmo, a totalidade do seu obxecto e a satisfacción da USC.
2. Se os servizos non se achan en condicións de ser recibidos, daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar disto os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a

- USC poderá rexeitala, polo que queda exenta da obrigación de pago e ten dereito, se fose o caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.
3. O adxudicatario terá dereito a coñecer e ser oído nas observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.
  4. Cando o obxecto do contrato sexa a elaboración dun proxecto de obras, observarase o previsto no artigo 314 da LCSP.

### 25.2. Recepción do obxecto do contrato

1. Nos contratos de servizos de tracto sucesivo non se realizará un acto formal de recepción.
2. De esixirse un acto formal e positivo de recepción ou conformidade por parte da USC, este terá lugar dentro do mes seguinte á entrega do obxecto do contrato ou á finalización do servizo e indicarse no apartado 19 do Anexo I do PCAP.
3. Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

## 26. PRAZO DE GARANTÍA DA PRESTACIÓN CONTRATADA

1. No seu caso, o prazo de garantía dos traballos necesarios para a prestación do servizo será o establecido no apartado 8 do Anexo I do PCAP, e computarase a partir da data da acta de recepción no caso de que se esixa un acto formal de recepción, sen prexuízo do previsto no artigo 314 e seguintes da LCSP cando se trate de proxectos de obra.
2. Se durante o prazo de garantía se acreditara a existencia de vicios ou defectos nos traballos executados, rexeirá o disposto no artigo 311 da LCSP.

## 27. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGO

### 27.1. Facturación

Para proceder ao pagamento material da factura, que se realizará de acordo co establecido no artigo 198.4 da LCSP, aquela presentarse no portal do Sistema Electrónico de Facturación (SEF) no enderezo <https://factura.conselleriadefacenda.es/eFacturaweb/>, no que está dispoñible tamén a información sobre o uso e acceso á aplicación SEF.

A data de entrada no SEF será a que determine a esixencia das obrigacións económicas derivadas do contrato.

Alternativamente a factura poderá presentarse no Punto de entrada de facturas da Administración Xeral do Estado (FACE), dirixida á USC que é a unidade que realizou o encargo, na ligazón: <https://face.gob.es/es>.

Na factura deberá constar o NIF do proveedor, a data de emisión, o número de factura, o número de expediente, o obxecto do contrato, a base impositiva, o tipo impositivo e o importe total da factura.

Deberán constar, ademais, os seguintes datos: o nome do órgano de contratación e do órgano competente en materia de contabilidade pública, que na USC é, en ambos os dous casos, o xerente, o nome do destinatario da factura, que é o responsable do contrato (véxase o apartado 18 do Anexo I do PCAP); e o centro ao que se dirixe, ademais do organismo, que é a USC.

O enderezo para obter os códigos dir3 necesarios para presentar as facturas é o seguinte: <http://www.usc.es/gl/gobierno/xerencia/informacionproveedores.html>.

### 27.2. Pagamento

1. O contratista terá dereito ao aboamento do servizo realizado e recibido nos termos establecidos nas normas que rexen o contrato e de acordo co prezo convindo. No caso de que o contrato

previse prazos parciais de execución, ou a realización de entregas parciais a petición do órgano de contratación, o contratista terá dereito ao aboamento dos servizos realizados en cumprimento dos devanditos prazos ou entregas parciais. En ningún caso a suma das facturacións parciais poderá superar o importe total do contrato.

2. A cesión do dereito de cobro que o contratista teña fronte a USC efectuarase de conformidade co establecido no artigo 200 da LCSP.

## VII. PENALIDADES E EXTINCIÓN DO CONTRATO

### 28. PENALIDADES

#### 28.1. Incumprimento dos prazos. Penalidades

O contratista está obrigado a cumprir o contrato nos termos establecidos no artigo 193 da LCSP dentro do prazo total fixado para a realización daquel, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se o contratista incumprir calquera dos prazos citados, por causa a el imputable, a USC, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato, ou pola imposición de penalidades económicas, que terán a contía determinada no dito artigo 193 da LCSP.

O importe das penalidades farase efectivo conforme ao establecido no artigo 99 do RXLCAP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá a intimación previa por parte da USC.

Se o atraso se producir por motivos non imputables ao contratista, rexerá o disposto no artigo 195 da LCSP.

#### 28.2. Incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso

A USC determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a corrección dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

Se os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rexeitar a mesma quedando exento da obrigaçión de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Se o contrato referívese á elaboración de proxectos de obra rexerá o previsto nos artigos 314 e 315 da LCSP.

De se producir un incumprimento parcialmente das prestacións definidas no contrato, a USC poderá resolver o contrato ou impoñer penalidades, de acordo co previsto no artigo 192 da LCSP ou coas que se determinen no apartado 13 do Anexo I do PCAP.

Se a execución non se axustar ao establecido no contrato, tal como establece o artigo 192 da LCSP, sexa por un cumprimento defectuoso das prestacións, ou por incumprimento do compromiso de adscrición de medios, ou por incumprimento das condicións especiais de execución do contrato, a USC poderá impoñer penalidades, de acordo co previsto no artigo 192 da LCSP ou coas que se determinen no apartado 13 do Anexo I do PCAP.

As penalidades previstas neste apartado deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total delas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

### 28.3. Imposición e pagamento das penalidades

As penalidades imoñeranse mediante unha resolución do órgano de contratación, que será inmediatamente executiva e faranse efectivas mediante requirimento por parte da USC.

A aplicación e o pagamento das penalidades establecidas nos artigos 192 e 193 da LCSP non exclúe a indemnización á cal a USC poida ter dereito por danos e perdas ocasionados co gallo do atraso imputable ao contratista.

Para o caso de incumprimento por defectos na facturación, as penalidades estableceranse no apartado 13 do Anexo I do PCAP.

## 29. EXTINCIÓN DO CONTRATO

1. O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.
2. A resolución do contrato producirase polas causas previstas no artigo 211 da LCSP e polas especificamente indicadas para o contrato de servizos no artigo 313 da citada norma.
3. A aplicación e os efectos das causas de resolución do contrato serán as previstas legalmente, con carácter principal nos artigos 212, 213 e 313 da LCSP.
4. O órgano de contratación poderá resolver o contrato, practicando a liquidación que proceda, se durante catro días hábiles consecutivos ou seis alternos, se interrompese a prestación do traballo por parte da empresa contratista, excepto en casos de forza maior.
5. Serán causas de resolución, ademais do establecido nas cláusulas anteriores, o incumprimento dalgunha das outras obrigas contidas no contrato e no presente prego, as reiteradas deficiencias na execución das prestacións, o comportamento irregular do persoal da empresa, e o incumprimento das obrigas establecidas nos convenios, acordos, regulamentos e demais normas aplicables ao caso.
6. A resolución do contrato, producirase sen prexuízo das indemnizacións que a favor dunha ou doutra parte fosen procedentes.

## VIII. OUTRAS CLÁUSULAS

### 30. RECURSOS

1. Os actos que se diten no procedemento de contratación que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 da LCSP poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do contrato administrativo, serán resoltas polo reitor da USC, poñendo as súas resolucións fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### 31. INFORMACIÓN CONFIDENCIAL FACILITADA AO CONTRATISTA

O adxudicatario está obrigado a gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes aos que teña acceso que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou aos que teña acceso con ocasión da execución do contrato non podendo proporcionar información a terceiros sobre a materia obxecto do contrato, a non ser que conte, para este efecto, coa autorización previa da USC.

## 32. PROTECCIÓN DE DATOS

### 32.1. Por parte da USC

De conformidade co Regulamento UE 2016/679, os datos de carácter persoal solicitados serán tratados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e incorporaranse ao tratamento denominado “Xestión Económica, Contabilidade e Orzamentos” coa finalidade de realizar a xestión económica e financeira da USC, a contabilidade orzamentaria, xestión de provedores e acredores, xestión tributaria e de recadación e xestión de patrimonio.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Xerencia, diante da cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade, cuxo enderezo é *Casa da Balconada; Rúa Nova nº 6; 15782 Santiago de Compostela*, correo electrónico: [xerente@usc.es](mailto:xerente@usc.es) e teléfono 881 811 010.

Na USC o delegado de Protección de Datos é José Julio Fernández Rodríguez, correo electrónico [dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es).

O seu tratamento responderá, exclusivamente, ao necesario para manter a relación contractual entre as partes.

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia e nos supostos de obrigas legais.

As persoas interesadas poden exercer diante do responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.

Tamén poden dirixirse á **Agencia Española de Protección de Datos** para realizaren as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a cal foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar no enderezo web <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>.

Entenderanse excluídos do réxime de aplicación da protección de datos de carácter persoal:

- Os datos de persoas xurídicas e das persoas físicas que presten os seus servizos nela.
- Os datos relativos a empresarios individuais, cando fagan referencia a eles na súa calidade de comerciantes, industriais ou navieiros.

### 32.2. Por parte da empresa

1. En materia de protección de datos, aplicarase o establecido no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos - RGPD) publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 4 de maio de 2016 e no Real Decreto-Lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos (BOE 30 xuño) e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O contratista adoptará as medidas de seguridade que lle correspondan segundo o establecido nas normas indicadas.

2. O contratista comprométese explicitamente a formar e informar a todas as persoas que empregue para a execución do contrato nas obrigas que de tales normas dimanar.

3. No caso de que o contratista teña a condición xurídica de encargado do tratamento, as partes asinarán un anexo ao contrato, no modelo establecido pola USC, coas obrigas das partes.
4. O contratista e o persoal ao que se lle encargue a realización das tarefas gardará segredo profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, quedando obrigado a non facer públicos ou allear cantos datos coñeza como consecuencia ou con ocasión da súa execución, incluso despois de finalizar o prazo contractual
5. A documentación e, de ser o caso, o acceso aos datos de carácter persoal imprescindibles para a axeitada execución do contrato, terán como exclusivo fin o de realizar as tarefas obxecto deste, quedando prohibida a súa difusión por calquera medio ou a cesión total ou parcial a calquera persoa física ou xurídica e a súa utilización para fins distintos dos do contrato. O anterior aplicarase ao adxudicatario, ás persoas encargadas da realización do contrato e aos subcontratistas autorizados
6. O contratista comprométese a non dar información e/ou datos proporcionados pola USC para calquera outro uso non previsto nos pregos que rexen o contrato. En particular, non fornecerá, sen autorización escrita da USC, copia dos documentos ou datos a terceiras persoas
7. De ser o caso, todos os estudos e documentos elaborados durante a execución do contrato serán propiedade da USC, a cal poderá reproducilos, publicalos e divulgalos, total ou parcialmente, sen que se poida opoñer o contratista.
8. Para os contratos que requiran tratamento polo contratista de datos persoais por conta do responsable do tratamento, aquel someterase á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Esta condición ten o carácter de obriga esencial de execución do contrato de conformidade co establecido no artigo 211.1.f) da LCSP. Así mesmo, o adxudicatario deberá asinar o correspondente contrato de encargado de tratamento, no que se concretarán as obrigas establecidas na normativa europea, española e da USC en materia de protección de datos.

### 33. PRERROGATIVAS

1. O órgano de contratación da USC posúe a prerrogativa de interpretar o contrato obxecto deste prego e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.
2. Poderá, así mesmo, dirixirlle instrucións á empresa adxudicataria, sempre que non supoñan modificacións das prestacións autorizadas, nin se opoñan ás disposicións en vigor, ás cláusulas deste prego e do prego de prescricións técnicas, e demais documentos contractuais.
3. Tamén poderá suspender os contratos coas condicións e efectos establecidos no artigo 208 da LCSP.
4. As resolucións que dite o órgano de contratación da USC, tras o informe da Asesoría Xurídica, no eventual exercicio das anteditas prerrogativas, serán inmediatamente executivas.

### 34. CLÁUSULAS LINGÜÍSTICAS

#### 34.1. Uso de Idioma na execución do contrato

O idioma na execución do contrato será o galego. No prego de prescricións técnicas poderán establecerse niveis de competencia lingüística en función do posto ou función a desempeñar polo persoal da empresa adxudicataria.

Na execución do contrato, de acordo co establecido no Regulamento de uso do galego da USC, o adxudicatario comprometerase a:



1. As comunicacións orais co persoal da USC serán en galego. As comunicacións cos restantes usuarios iniciaranse en galego e continuaránse en galego ou en castelán se estes así o solicitan.
2. Os documentos escritos que a empresa adxudicataria deba entregar á USC, ao seu persoal, ou aos usuarios en xeral, sexa cal for o soporte, deberán realizarse en galego.
3. Tanto nas comunicacións orais como escritas, a calidade lingüística será adecuada ao tipo e ao impacto da comunicación.

Con todo, o responsable do contrato, motivadamente, poderá propoñer que non sexan obrigatorias as condicións anteriores, o cal se indicará no apartado 17 do Anexo I do PCAP e, no seu caso, no prego de prescricións técnicas cando:

1. A natureza ou o obxecto do contrato fíxese necesario o uso exclusivo ou compartido doutras linguas. No prego de prescricións técnicas incluírase unha cláusula neste sentido, indicando as necesidades en materia de competencias lingüísticas, niveis e acreditación.
2. As condicións do mercado fagan previsible unha dificultade significativa para que as empresas poidan prestar o servizo requirido en galego. Neste caso, sempre que sexa posible en relación co obxecto do contrato, poderá valorarse no apartado 11 do Anexo I do PCAP que o servizo obxecto do contrato sexa prestado en galego e/ou que a documentación ou formación que o acompañe sexa fornecida en galego.

### 34.2. Competencia lingüística

Se o obxecto do contrato require de atención ao público, o persoal da empresa adxudicataria adscrito á devandita tarefa, deberá estar capacitado para desempeñar as súas funcións en galego e castelán.

Neste caso, no Prego de prescricións técnicas identificaránse os postos con atención ao público indicando o nivel de competencia lingüística que se esixirá en galego. A empresa adxudicataria deberá achegar, coa documentación requirida na cláusula 17 deste prego, a acreditación da competencia lingüística esixida no PPT.

En caso de producirse a subrogación do persoal, se este non dispuxese de competencia lingüística en galego, a empresa adxudicataria deberá proporcionarlle a formación necesaria para obter a capacitación requirida, sen custo adicional para a USC. A USC, a través do Servizo de Normalización Lingüística, poderá realizar exames ou probas de nivel que permitan acreditar o nivel requirido.

En caso de substitución dalgún traballador, a persoa que o substitúa deberá acreditar a competencia lingüística esixida.

O seguimento do cumprimento dos requisitos lingüísticos do contrato correspóndelle ao órgano de contratación. O incumprimento reiterado dos devanditos requisitos poderá dar lugar á resolución do contrato.

### 34.3. Linguaxe inclusiva

En cumprimento do establecido no II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC, aprobado polo Consello de Goberno o 16 de decembro de 2013, que propón a adopción de medidas necesarias para eliminar o uso sexista da linguaxe na USC, neste prego deben entenderse como referidos a calquera xénero os termos xenéricos, tales como licitador, contratista (empresa ou persoa), delegado, xefe, terceiros, empresario, provedor, apoderado, responsable, etc.

Visto este Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato de servizos polo procedemento aberto simplificado de trámite abreviado, a Asesoría Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela infórmao favorablemente.

A xefa do Servizo de Asesoría Xurídica.

Elena Meaños Melón

Os Anexos asínanse separadamente do texto de este prego

Co informe Favorable da Asesoría Xurídica, apróbase este Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en todos os seus termos.

Por delegación (Resolución reitoral do 30 de abril de 2020, DOG do 11 de maio de 2020)

O xerente

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015)

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ**, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/03/2021 14:38:03.

**Asinante/Firmante/Signer: ELENA MARIA MEAÑOS MELON**, XEFA DO SERVIZO DE ASESORIA XURIDICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 03/03/2021 13:34:22.

**CSV: 011B-3BCD-4736-8AF3**